

Follas do Cineclub | 26/02/2020

Boa viaxe

(Latcho Drom, Tony Gatlif,
Francia, 1993, 103', VOSG)

04

[Publicado como "Gypsy melodies" en *The Chicago Reader* o 10 de febreiro de 1995. Dispoñible en: <https://www.jonathanrosenbaum.net/2018/01/gypsy-melodies/>]

Se non oíches falar de *Latcho Drom* — un exuberante e emotivo musical xitano, filmado en CinemaScope e son estereofónico en oito países en tres continentes diferentes — non deberías sorprenderte. A pesar de que o filme paseou polo planeta o último par de anos e recolleu unha chea de entusiastas polo camiño, ten polo menos tres problemas comerciais en contra, cada un dos cales podería ser suficiente para mantela fóra do mainstream a pesar da súa accesibilidade. Os dous primeiros destes son as palabras "xitano" e "musical"; o terceiro é o feito de que non é exactamente documental nin ficción, e polo tanto confunde á crítica e outros comercializadores.

Estes "problemas", apúrome a engadir, son o que fai o filme pracenteiro, excitante e importante; pero aínda que os medios promovan o contrario, as cifras de ingresos e o goce do público non están sempre na mesma onda. A pesar de que este filme é tan poderoso que virtualmente terás que esforzarte para non bailar durante longos pedazos del, ese feito non se traduce facilmente nun spot de 30 segundos para o *prime time* (...)

A cultura como a coñecemos hoxe é especialmente definida, sexa implícita ou explicitamente, en termos nacionais. Adoitamos pensar na cultura norteamericana como cultura, sen máis, unha pegada nacional implícita. Pero a cultura xitana non ten país, así que quedamos sen etiquetas. Tecnicamente *Latcho Drom* é un filme francés - escrito e dirixido por un cidadán francés nacido en Alxeria, chamado Tony Gatlif, que dirixiu sete longas previamente, unha delas española. Pero, existencialmente e esteticamente, *Latcho Drom* é un filme xitano — un filme sobre o pobo xitano feito por un xitano — o que significa que non ten nacionalidade ningunha. (...) Igual que a experiencia xitana é ignorada e esquecida, é probable que unha película xitana sofra o mesmo destino.

"[Segundo a Enciclopedia Británica] é xeralmente aceptado que os grupos xitanos deixaron a India en repetidas migracións e que estiveron en Persia no século XI, no sudeste de Europa a comezos do XIV e en Europa occidental no século XV". Xeralizando, esta última frase dános unha sinopse xeográfica de *Latcho Drom*, que comeza no norte da India (Rajasthan) e continúa a través de Exipto, Turquía, Romanía, Hungría, Eslovaquia, Francia e España. En cada país atopamos xitanos facendo música, e a miúdo bailando.

Pero esta breve descrición non chega para facer xustiza ao poder e sutileza do filme, como cinema e como narración épica. Ás veces vemos música e baile emerxer do traballo

cotián (como na India); ás veces vemos xente xitana observando e apreciando outros intérpretes (como en Exipto) (...). Nun restaurante turco e nunha estación de tren rural en Hungría vémoslos actuar con alegría para outros, e nunha vila romanese e en diversos lugares en Francia vémoslos tocar co mesmo entusiasmo para si mesmos. En cada país atopamos un tipo diferente de música e baile xitanos, modulados en cada caso pola cultura que os rodea: a sección en Francia culmina nun estilo de jazz identificado con Django Reinhardt; o final español comeza con flamenco. (...) No proceso amáñase para trasladar unha enormidade de información sobre a historia e a vida actual xitana sen ningún didactismo. Aparte dunhas cantas letras de cancións e diálogos aos que se lles dá subtítulos mínimos, tende a funcionar sen palabras, apoiándose principalmente en imaxes, música e xestos — linguaxes universais que, como a propia cultura xitana, atravesan continentes e séculos.

Emocionalmente, a película transmite un intenso e exuberante sentimento de pertenza que semella intimamente ligado á alienación e persecución do pobo xitano — aínda que aquí é case sempre a alegría o que se enfatiza, e non o sufrimento. As únicas excepcións que veñen á cabeza son incisivas e breves. Cando a cámara fai unha panorámica pasando dun enreixado de espiño a un campo cuberto de neve en Eslovaquia, e logo atopa unha anciá xitana cantando sobre Auschwitz, cun número tatuado visible no seu antebrazo, podemos lembrar que case medio millón de persoas xitanas — entre un cuarto e un sexto do seu número total a día de hoxe — foron asasinadas nos campos de exterminio Nazis. E cando, máis tarde, vemos xitanos sendo expulsados dun edificio abandonado nunha cidade española, e as portas e ventás do edificio son tapiadas para mantelos fóra, alértasenos sobre as forzas externas que manteñen o nomadismo dos rromanís. (...)

Pero principalmente a película celebra, en éxtase, a experiencia xitana. Como Gatlif di, "quería facer un filme do que os rromanís puidesen sentirse orgullosos, un filme que non convertese o seu sufrimento nunha barraca de feira. Quería escribir unha canción de alabanza a este pobo que amo... Sentín que se a xente chegase realmente a coñecer aos xitanos, perdería os seus antigos prexuízos: secuestradores de nenos, ladróns de galiñas...

A quen lle preocupan as galiñas en calquera caso?

Algúns amigos xitanos de París e máis eu queríamos mercar 3.000 galiñas cos meus dereitos de autor, metelas en dous camións e soltalas ao amencer nos Campos Elíseos, repartindo panfletos que dixesen "os xitanos devólvovos as vosas galiñas". Pero somos uns "galiñas" e abandonamos a idea pensando nos pobres bombeiros que terían que correr e cazar 3.000 pitas".

Falando xenericamente, *Latcho Drom* é un musical. Pero como todos sabemos, o musical morreu — o que significa que esta película non pode existir. Como sabemos que o musical morreu? Porque a propaganda de Hollywood nos dixo iso repetidamente. Agora que as multinacionais teñen o permiso efectivo para reescribir e regular a nosa historia cinematográfica, as películas están restrinxidas aos xéneros que os estudos norteamericanos sinten que poden facer e promover, e todo o demais várese de diante.

MELODÍAS XITANAS

JONATHAN ROSENBAUM

A sabedoría da industria di que o único tipo de película con canto e baile que a xente pagaría por ver actualmente é unha película de animación. As razóns ofrecidas para este peculiar estado de cousas varían (...) Cando paras a considerar que cada unha das últimas longas de animación de Disney mellorou os datos de recadación da anterior, é mesmo posible concluir que o público ten fame dese subidón que só os musicais poden aportarnos. Poderíamos mesmo argumentar que a única razón pola que os cineastas de Hollywood non están facendo outro tipo de musicais é que xa non están artisticamente nin temperamentalmente equipados para facelo — polo menos no que se refire aos executivos que poderían dar o OK a eses proxectos.

Iso pasa cos musicais tradicionais de Hollywood, e que outro tipo de musicais existe? Outra vez entra en xogo aquí o noso nesgo nacionalista: identificamos Hollywood co Hollywood convencional, o Hollywood convencional con Estados Unidos, e Estados Unidos co resto de cousas do mundo, como a execrable miniserie da PBS *American Cinema* parece facer. Pero se estiramos o xénero “musical” para incluír películas máis aló das de concerto que inclúen actuacións musicais e/ou baile teremos, para arrincar, *Round Midnight*, *Bird*, *Mo’ Better Blues*, *Hairspray*, *Earth Girls Are Easy*, *The Fabulous Baker Boys*, *Postcards From the Edge* (...), *The Thing Called Love*, *Immortal Beloved*, e mesmo *Pulp Fiction* — todas elas produtos comerciais de Hollywood.

Fóra desa categoría hai tres obras mestras recentes que beben de moitas maneiras da estética e a dinámica emocional dos musicais de Hollywood: *Distant Voices*, *Still Lives* e *The Long Day Closes* de Terence Davies e *Nuit et jour* de Chantal Akerman. Está a estraña e fermosa última longa de Jacques Demy, *Trois places pour le 26*, e o increíble espectáculo de danza de Raúl Ruiz, *Mammame* (ambas sen distribución neste país). (...) En definitiva, poderíase dicir que o musical está vivo e san, aínda que grazas ao discurso dominante da industria está escondido. Só o musical convencional de Hollywood está en eclipse.

En *Latcho Drom* Gatlif aprópiase do que podería describirse como a arquitectura estilística dos vellos musicais de Hollywood tan deliberadamente como os intérpretes xitanos se apropian da música e danza “nacional”, probando que o mesmo tipo de euforia pode conseguirse sen orquestras de foso ou estudos de son. Cando o aburrimiento do traballo diario se convirte en música e baile, como sucede na secuencia de apertura aquí, poderíamos estar vendo o inicio do musical clásico de 1932 *Love Me Tonight*. E cando a cámara sube no guindastre dende dous instrumentistas anciáns ata as capas das árbores, a excitación non envexa nada á da unidade de Arthur Freed na MGM. Para unha caravana xitana que se move a través dunha vila francesa ao

atardecer, Gatlif arma unha montaxe de cans ladrando que é tan musical como moitos dos números. (...)

Outra importante referencia para *Latcho Drom* é a derradeira longa de Jacques Tati, *Parade*. En certo sentido a comparación é improbable porque *Parade* — un filme de circo — non é realmente un musical, non inclúe xente xitana, e foi principalmente filmada en vídeo e non en celuloide. Pero en moitos aspectos cruciais os seus procedementos formais son os mesmos, apuntando en cada caso a unha posición social e política radical sobre o significado do espectáculo que é central ao filme. Esta posición é anti-Hollywood e anti-elitista máis ou menos na mesma medida, unha especie de populismo que rexeita as habituais xerarquías de clase, raza e xénero (así como as dos xéneros cinematográficos) sen volverse en ningún momento esotéricas ou menos que entretidas. De feito ambas películas aprópiase de certos aspectos do entretemento popular — o circo para Tati, o musical para Gatlif — para redirixir a súa enerxía.

Estrictamente falando, *Latcho Drom* non é nin documental nin ficción; mestura libremente ambos modos nunha maneira reminiscente de *Parade*. Quizais de xeito máis significativo, ambos filmes rompen as habituais distincións entre intérpretes e espectadores (...). Ademais, o privilexio de actuar esténdese a todas as idades e xéneros; xente nova e vella, homes e mulleres implicanse igualmente nas festividades, e todo o mundo pode converterse na “estrela” nun momento dado. (...)

O trazo máis radical de ambos filmes é que os puntos nos que un número ou secuencia comeza e remata son habitualmente case imposibles de determinar (...). Para definir a mestría de Gatlif, un só ten que mirar ás súas excepcionais e sutís transicións, que conectan países, secuencias, e ás veces os segmentos dentro dunha secuencia (...). Estas sutís transicións subvirten as nosas nocións habituais de espectáculo, conectadas á estilización da maioría de musicais, nos que pasar da “vida” á realidade intensificada dun número musical particular é algo enfatizado e non disimulado. Pero nesta película, como en *Parade*, cada evento ten realidade intensificada, e nunca deixa de haber vida. Ambos filmes crean unha impresión de continuidade poética nunca rota — unha continuidade entre vida e actuación que arrastra ao público. No caso de *Latcho Drom*, esa continuidade atravesará séculos e estacións e continentes, transformándose nunha función da natureza e da resistencia humana.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

FEB
2020

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MÉRcores 5

Os xitanos da gran cidade

(Gross Stadt Zigeuner, László Moholy Nagy, Alemaña, 1932, 11', VO)

Ser xitano

(Att vara zigenare, Peter Nestler, Suecia, 1970, 47', VOSG)

MÉRcores 12

Os Tarantos

(Los Tarantos, Francisco Rovira Beleta, Estado Español, 1963, 83', VO)

MÉRcores 19

Bravo!

(Aferim!, Radu Jude, Rumania / Bulgaria / República Checa / Francia, 2015, 108', VOSG)

MÉRcores 26

Boa viaxe

(Latcho Drom, Tony Gatlif, Francia, 1993, 103', VOSG)